

EIXE 2 | A Recuperación como meta

## PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DA CONDUCTA SUICIDA

### Entidade executante

**ALUME. Asociación lucense para a recuperación e a integración das persoas con trastornos mentais** (<https://alume.org/>)

### Ámbito territorial

Diferentes concellos da provincia de Lugo

### Persoas destinatarias

Persoas con factores de risco suicida derivadas dende dispositivos especializados

Sobreviventes: familiares ou achegadas de persoas que perderon a vida por mor da conduta suicida

### Obxectivo

#### Xeral:

Mellorar a atención e prevención da conduta suicida, así como axudar ás persoas sobreviventes a elaborar o duelo e a superar a perda dunha forma axeitada

### Metodoloxía

Traballo individual na residencia das persoas usuarias

Traballo grupal, grupo de apoio que traballa dende unha metodoloxía vivencial e combinada: participativa e directiva, establecendo unha relación terapéutica que é asimétrica e igualitaria

Todo dende un clima de confianza, apertura e sincera comunicación; unha comunicación empática e mutuamente comprensiva onde poida admitirse un cambio de actitude estable